



**CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO**  
**DATA 05/02/2026**

Sras./Sres. Asistentes:

**PRESIDENTE**

PAOLA MARIA MOCHALES

**VOGAIS**

CARLOS COIRA LOJO

DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

**TÉCNICO**

EMILIO PUMAR DURÁN

**XERENTE**

SONIA GARCÍA CORZO

**SECRETARIO/A**

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 do día 05/02/2026 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta das actas das sesións anteriores, de datas 23-12-2025 e 08-01-2026, que se aprobaron por unanimidade.

**VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:**

**COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES**

PRP2026/0284

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por CD Fincas Vilagarcía SL en representación de C.P. EDUARDO PONDAL 11 - PABLO IGLESIAS 20-22, para obtención dunha prórroga do prazo para executar as obras de rehabilitación de fachadas e cubertas de edificio situado na rúa Pablo Iglesias nº 22 (Ref. Cat 9664802NH1196S), por canto no informe xurídico emitido con data 22.01.2026 indícase que a solicitude preséntase transcorrido o prazo indicado na resolución de alcaldía de data 30.01.2024, na que se concedía unha prórroga de un ano para o remate das obras. (Expte. URB/2022/000714)

PRP2026/0285

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación previa presentada por Dna. M<sup>a</sup> Mercedes Durán Pereira en representación de COMUN. VECINAL GATO NEGRO, para obras de renovación eléctrica en local situado na Avd. Rosalía de Castro nº 208 (Ref. Cat.: 8583430NH1188S0001DQ), dado que o inmovible sobre o que se pretende a actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 91 PHA polo que deberá tramitarse por licenza, iniciando un novo expediente. (Expte. URB/2025/000993)

PRP2026/0286

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación previa presentada por D. Daniel Sineiro Fontenla en representación de Dna. Lorena Canoa Viso, para obras de mantemento de soleira dun inmoble situado na rúa Doutor Tourón nº 41, soto (Ref. Cat.: 9154101NH1195S0001LM), de conformidade co indicado no informe técnico de data 21.11.2025:

"- Segundo informe da Policía Local, as obras xa se iniciaron polo que deberá tramitarse por licenza (legalización).

- As obras que se comunican (mantemento) non se axustan ás que se aprecian no informe da Policía Local (demolición total de soleira)".

Déase traslado ao departamento de Disciplina aos efectos de continuar a tramitación do expediente DISC/2025/213. (Expte. URB/2025/001041)

PRP2026/0302

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación previa presentada por D. Fernando Bouzas Cores, para instalación de varanda en tellado de alboio situado na rúa da Xesta nº 73, Sobrán (Ref. Cat.: 6838035NH1163N0001EG), de conformidade co informe técnico desfavorable que lle foi notificado con data 15.10.2025, e co informe de aclaración e/ou apreciación emitido con data 29.01.2026 no que se indica literalmente: "*Para a seguridade no mantemento dunha cuberta non é imprescindible a instalación de elementos fixos de seguridade. Existen outro tipo de elementos provisionais igualmente eficaces (liñas de vida, varandas provisionais...)*" (Expte. URB/2025/000826)

PRP2026/0303

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por D. César Paz López en representación de CONSTRUSER CESAR PAZ S.L., para obras varias en vivenda unifamiliar (ampliación de porta existente), na rúa Vázquez Leis, nº 26, Vilaxoán (Ref. Cat. 7451027NH1175S0001GG), tal e como se define na documentación que achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunícaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000033)

PRP2026/0316

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por Dna. Ángeles de María Nine González, para obras de instalación de pozo de barrena no lugar de Agro da Bouza, Renza (Ref. Cat. 36060A044006190000GR), tal e como se define na documentación que achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2024/001222)

PRP2026/0317

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Mariña Álvarez Piñeiro en representación de D. Jesús Esteban Paz Vaquero, para obras de reforma de cociña existente en inmovible na rúa da Cruz nº 15, Carril (Ref. Cat.8481419NH1188S0001SQ), tendo en conta as seguintes consideracións:

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000011)

PRP2026/0321

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por Contro e Inspección Reglamentaria S.L. en representación de COM PROP. VISTA ALEGRE 34 - 36, para obras de impermeabilización de terraza no edificio situado na rúa Vista Alegre nº 36 (Ref. Cat. 9057013NH1195N), tal e como se define na documentación que achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000041)

PRP2026/0323

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por D. Jackson Antonio Gómez García en representación de D. Andrés Eduardo Osuna Vanegas, para cambio de 3 ventás, mantemento de paramentos verticais interior e exteriormente, e solado de terraza exterior en inmovible existente na Avd. de Cornazo nº 65, Cornazo (Ref. Cat. 9543216NH1194S0001DY), tal e como se define na documentación que achega e tendo en conta as seguintes consideracións:

- O solado exterior, realizarase na zona non afectada pola aliñación.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000043)

PRP2026/0325

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por Dna. Alba Alcalde Abad, para obras varias en vivenda (reforma de baño, acabados paramentos interiores e mantemento de tellado), na Marxión nº 37B (Ref. Cat. 9863558NH1196S0001LJ), tal e como se define na documentación que achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695

e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000044)

PRP2026/0328

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por Dna. María Rosa Bravo Otero, para obras de arranxo de fachada con sistema SATE en vivenda unifamiliar situada en Camiño do Río de Abelle nº 19, Rubiáns (Ref. Cat. 1648915NH2114N0001FQ), tal e como se define na documentación que achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000048)

PRP2026/0334

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación previa presentada por D. Mariano Vázquez Iglesias en representación de D. Juan Carlos García Blanco, para obras de reforma de local na rúa Castelao nº 15, bx (Ref. Cat.: 9360013NH1196S0048GY), dado que o inmovible sobre o que se pretende a actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 149 PHA, polo que deberá iniciar un novo expediente engadindo o modelo normalizado de solicitude de licenza. (Expte. URB/2026/000002)

PRP2026/0336

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por D. Jesús M. Chorén Santos en representación de CORPOGONCAR S.L., para obras de reformas varias en local situado na rúa Brandariz nº 2, baixo esq. (Ref. Cat. 9260906NH1196S0002SK), tal e como se indica na documentación achegada.

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de actividade económica ou cambio de titularidade, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000047)

PRP2026/0337

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Rey Cortegoso, para renovación de acabados en piso e instalación de toma de corrente en praza de garaxe, na rúa Entrante nº 6, 2ºA - Portal 6 (Ref. Cat.9455023NH1195N0047DE), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos. As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000059)

PRP2026/0338

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. María Cristina Padín Cores, para obras de cambio de carpintería exterior en inmovible situado no Grupo San Roque nº 12, 1º Esqda. (Ref. Cat.9960202NH1196S0003IL), tendo en conta as seguintes consideracións:

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000069)

PRP2026/0339

Informar favorablemente a comunicación previa presentada por D. Alberto Chorén Falcón en representación de Dna. Rosa César Leiro, para obras de conservación e mantemento de fachada e cuberta de vivenda situada na rúa do Vento nº 29, Cea (Ref. Cat. 1458411NH2115N0001OK), tal e como se define na documentación que achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicáselle que as obras remataranse no prazo máximo dun (1) ano. (Expte. URB/2026/000071)

## **LICENZAS DE OBRAS MENORES**

PRP2026/0287

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Tania Posse Iglesias, para legalización de obras de conservación e mantemento (demolición de volume engadido, arranxo de tellado e fachada con cambio de ventás, renovación de baño, falsos teitos, instalación eléctrica e enlucido e pintado de paramentos verticais) en vivenda unifamiliar situada na rúa do Souto nº 14, Cornazo (Ref. Cat. 9450603NH1195S0001DM), tal e como se indica na documentación presentada.

Darase traslado deste acordo ao Departamento de Disciplina, dado que consta no Concello expediente disciplinario (DISC/2025/091) por inicio de obras sen título habilitante, actualmente en tramitación. (Expte. URB/2025/001052).

PRP2026/0288

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Mercedes Lourdes Durán Pereira en representación de Círculo Artístico Deportivo Vecinal Gato Negro, para obras de renovación eléctrica e pintura interior en local situado na Avda. Rosalía de Castro nº 208 (Ref. Cat.: 8583430NH1188S0001DQ), conforme á documentación presentada.

O inmovible obxecto da actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 91-PHA, se ben tendo en conta que a actuación non afecta á súa envolvente exterior, non deberá contar co preceptivo informe de Patrimonio.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Prazo de inicio das obras: catro (4) meses.

Prazo de remate das obras: un (1) ano. (Expte. URB/2026/000050)

PRP2026/0305

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Antonio Paz Rodríguez, para legalización de instalación fotovoltaica de autoconsumo no inmovible situado na rúa Veiga de Lamas nº 13, Carril (Ref. Cat. 8881646NH1188S0001SQ), tal e como se indica na documentación presentada, posto que se adaptan ás condicións previstas no planeamento. (Exp. URB/2025/001198)

PRP2026/0306

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Guillermo Norberto Estévez Lukaszewicz, para acometida á rede municipal de **auga para obra**, na rúa 1º de Maio, nº 11 Arealonga (Ref. Cat.: 0764310NH2106S0001BH), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte.URB/2026/000023)

PRP2026/0308

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Borja Santamaría González, para legalización de rótulo instalado na Avd. Rodrigo de Mendoza nº 12, baixo 1 (Ref. Cat. 9556209NH1195N0001RG), tal e como se indica na documentación presentada, posto que se adapta ás condicións indicadas no PXOM. (Expte. URB/2026/000012).

PRP2026/0309

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Ángela Fernández Doval, para conexión ás redes municipais de auga e saneamento na carretera Castroagudín O Vento nº 11 (Ref. Cat. 36060A02512250001HP) .

Realizada visita de comprobación ao inmovible polo enxeñeiro técnico municipal, para verificar a axeitada execución das acometidas, compróbase que xa están executadas correctamente, dando a súa conformidade a conexión das mesmas. (Expte. URB/2025/000682)

Visto o recurso de reposición presentado por Dña. Carmen Ana Gens Lois con data 12.01.2026 contra a Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa de data 9.12.2025, pola que se desestima o recurso de reposición interposto en data 18.07.2025 contra a Resolución de Alcaldía de data 12.06.2025 pola que se denega a legalización de cuberto acaroado a lindeiro en solo de núcleo rural, na rúa Rueiro s/n.

Con data 26.01.2026 emítese informe polos servizos técnicos municipais no cal se indica:

*"(...) En resposta ao escrito presentado sobre a existencia de licenza URB/2005/160 de alpendre, indicar que se trata dunha licenza sobre a parcela en cuestión que non se debuxa adosada nin se fai referencia á existencia doutros alpendres existentes. Fálase dun alpendre de 26 m<sup>2</sup> e na realidade existen unhas construcións duns 80 m<sup>2</sup> de superficie segundo a documentación técnica presentada. Esta licenza non se corresponde co edificado."*

Con data 29.01.2026 emítese informe xurídico ao respecto do recurso presentado que dí literalmente:

" ANTECEDENTES:

1. *Constando tramitación de expediente de reposición da legalidade urbanística infrinxida por realización de obras sen título habilitante (D41/21), consistentes en cuberto adosado a lindeiro en solo de núcleo rural en Rúa Rueiro, s/n, Carril, a interesada solicita a legalización das obras.*
2. *Mediante informe da técnica municipal de data 14-2-25, respecto do cuberto en cuestión, infórmase desfavorablemente a súa legalización na medida en que, non existindo edificación na parcela, non pode considerarse como edificación auxiliar ou adxectiva dito cuberto, polo que, para a legalización se precisa acordo de arrimo da colindante, que non consta.*
3. *Mediante escrito presentado pola interesada en data 18-3-25, alégase a innecesariedade de acordo de arrimo polo xa indicado nos proxectos presentados no expediente.*
4. *Mediante informe de data 20-3-25, a técnica municipal ratifícase na non conformidade da legalización pretendida, polos motivos indicados nos seus informes anteriores.*
5. *Mediante escrito da interesada presentado o 16-4-25, maniféstase que a denegación da legalización constituiría unha arbitrariedade, dado que o Concello habería de ter concedido licenzas para actuacións similares.*
6. *Mediante informe da técnica municipal, de data 23-4-25, ratifícase o informe desfavorable á legalización en cuestión.*
7. *Previo informe xurídico, de data 21-5-25, indicando a procedencia da denegación da legalización solicitada, a medio de resolución municipal, de data 12-6-25, resólvese o expediente no senso de denegar a referida legalización, resolución que é notificada o 20-6-25.*
8. *En data 18-7-25, a interesada presenta escrito alegando nulidade da anterior resolución e, con carácter subsidiario, formulando recurso de reposición contra a anterior resolución.*
9. *Descartadas causas de nulidade da resolución de 12-6-25, e admitido a trámite o recurso de reposición, mediante resolución da Alcaldía de data 9-12-25, desestímase o indicado recurso de reposición.*
10. *Notificada a anterior resolución á interesada en data 12-12-25, esta formula novo recurso de reposición, alegando que para a mesma finca xa se outorgara licenza de alpendre.*
11. *Consta informe da técnica municipal de data 26-1-26, indicando que a licenza á que se refire a recorrente outorgouse para alpendre non adosado, que non se corresponde co efectivamente construído.*

NORMATIVA ANALIZADA:

-Lei 2/2016, de 1012-1-26. de febrero do Solo de Galicia (LS).

-Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei so solo de Galicia (RLS).

*-Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilagarcía de Arousa do 4-2-00 (PXOM).*

*-Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).*

**FONDO DO ASUNTO:**

*1.-Admisibilidade do recurso.- Se ben non cabe formular recurso de reposición contra a desestimación dun anterior recurso de reposición, segundo o disposto no art. 116.c) en relación co art. 123 da LPAC, dado que, por error involuntario, na notificación da resolución de data 9-12-25, indicouse expresamente a posibilidade de formular recurso de reposición, cómpre admitir a trámite o mesmo, á vista de que está formulado dentro do prazo de un mes dende a notificación da resolución obxecto de impugnación.*

*2.- Fondo do recurso.- A interesada alega que na finca xa existirían edificacións adosadas contando con licenza municipal (AT Licen 05/Alpendre 0160-05), polo que a denegación da legalización do cuberto obxecto do presente expediente constituiría un cambio de criterio.*

*Ao respecto, no expediente quedou acreditado que o cuberto non cumpre coa normativa urbanística de aplicación, segundo informe da técnica municipal. Neste senso, cabe reiterar que a Ordenanza nº 11, so permite adosar as construcións auxiliares en condicións de medianería, para o que é preciso obter o correspondente acordo co colindante. Pois ben, resulta que a interesada segue sen aportar acordo de arrime da colindante, pretendendo que o Concello presuma a súa existencia á vista de que no ano 2005 concedérase licenza para un alpendre. Non obstante, como se desprende do informe da técnica municipal de 26-1-26, dita licenza de 2005 outorgouse para un alpendre reflexado nun croquis como non adosado, polo que non era preciso acordo de arrime.*

*Polo tanto, resulta conforme a dereito a resolución de denegación da legalización solicitada, ao amparo do art. 143.2 e do art. 152 da LSG, procedendo o ditado de nova resolución municipal pola que se desestime o novo recurso de reposición formulado pola interesada, con notificación de que contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses."*

O Consello da Xerencia de Urbanismo, á vista dos informes anteriormente transcritos, informa favorablemente a desestimación do novo recurso de reposición interposto por Dna. Carmen Ana Gens Lois fronte á devandita Resolución de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 09.12.2025 (Expte. URB/2023/000867)

PRP2026/0332

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan Carlos Morgade Portas en representación de Dna. Silvia Artos Fernández, para obras de peche frontal de parcela e urbanización da zona de cesión na rúa Amproa nº 4, Bamio (Ref. Cat.: 0403720NH2200S0001MA), tal e como se indica na documentación que se achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

En calquera caso, respectaranse as servidumes que existan.

As obras de urbanización da zona de cesión, deberán axustarse ás seguintes condicións:

**PAVIMENTACIÓN DA ZONA DE CESIÓN**

- Pavimentación da zona de cesión, ata enlazar co vial completando a totalidade da cesión, respectando as rasantes de pendentes existentes no vial público ao que dá fronte a parcela.
- A pavimentación realizarase con paquete de firme composto por 20 cm de zahorra artificial estendida e compactada e un mínimo de 5 cm de aglomerado en quente tipo AC16 SURF

50/70 D, estendido e compactado.

Neste apartado inclúese a posta en cota con respecto a rasante do vial de todas as tapas de arquetas e pozos de rexistro, así como todas as obras complementarias á pavimentación que garantan a correcta execución e funcionalidade da mesma.

RECUAMENTOS: Non poderá quedar nas zonas de dominio publico vinculadas as cesións de referencia, ningún tipo de obxeto ou obstáculo que impida ou dificulte a libre circulación de vehículos ou peóns.

RAMPAS: No caso de ter que realizar rampas de acceso á parcela, estas deberán de executarse fóra da zona de dominio publico.

A fianza de 2000 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.

Prazo de inicio das obras: catro (4) meses.

Prazo de remate das obras: un (1) ano. (Expte. URB/2025/001205)

PRP2026/0333

Informar favorablemente a solicitude presentada pola entidade Atelco Field Factory SL. en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU., para substitución dun poste FVA-250 para ampliación da rede telecomunicacións, na rúa Campanario nº 14, Bamio (s/ref.2230322) , baixo as seguintes condicións:

- Realizarse un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ao inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
- Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderán derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
- As obras executaranse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
- A colocación dos postes previstos deberán respectar a alineación establecida no PXOM.
- No caso que por circunstancias especiais houberse que colocar o poste a distancias menores das indicadas, entenderase que se colocan provisionalmente e en precario, debendo Telefónica, retirar os poste se o solicitase o Excmo. Concello, ás distancias esixidas, cando sexa necesario por motivos de ensanche de camiño, ou calquera outra causa de ben público. O cambio de emprazamento dos postes non supoñerá ningún dereito de reclamación de indemnización ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: catro (4) meses.

- Prazo para a finalización: un ano (1).(Expte. URB/2025/001075)

PRP2026/0335

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Mariano Vázquez Iglesias en representación de D. Juan Carlos García Blanco, para obras de reforma de local (pintado, revestimento paredes e substitución de sanitarios) situado na rúa Castelao nº 15, baixo 7 (Ref. Cat.: 9360013NH1196S0048GY), tal e como se indica na documentación que achega.

O inmoble obxecto da actuación está catalogado no conxunto de edificios coa ficha 149-PHA, se ben tendo en conta que a actuación non afecta á súa envolvente exterior, non deberá contar co preceptivo informe de Patrimonio.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa.

Prazo de inicio das obras: catro (4) meses.

Prazo de remate das obras: un (1) ano. (Expte. URB/2026/000070)

## **LICENZAS DE OBRAS MAIORES**

PRP2026/0311

Informar favorablemente a solicitude presentada por D.Juan José Sanmartín Ortigueira, para a obtención dunha prórroga de un (1) ano para o remate das obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Xunqueira nº 21, de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables á concesión da prórroga da licenza concedida por Resolución de Alcaldía de data 12.06.2019 ao proxecto modificado presentado. Constan no expediente Resolucíons de Alcaldía de data 30.01.2024 de concesión de prórroga de un ano, e outra de data 23.01.2025 de concesión doutra prórroga de un ano para execución das devanditas obras. (Expte.URB/2016/000785)

PRP2026/0312

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Rocío Otero Agra, para obtención dunha prórroga de tres (3) meses para inicio das obras de acondicionamento de local situado na Avd. Doutor Tourón nº 9, baixo - Pta. 2, que obtivo licenza por Resolución de Alcaldía de data 14.09.2023, de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables á concesión da prórroga. Constan no expediente Resolucíons de Alcaldía de data 04.04.2024 de concesión de prórroga de seis meses, outra de data 03.10.2024 de concesión de prórroga de tres meses para inicio das citadas obras, outra de data 06.02.2025 de concesión de prórroga de tres meses para inicio das obras, outra de data 12.06.2025 de concesión de prórroga de tres meses e outra de data 16.10.2025 de concesión de prórroga de tres meses para inicio das obras. (Expte. URB/20232/000011)

PRP2026/0313

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por D. Manuel Rodríguez Fontán en representación de E-ZERO VIVIENDAS S.L., para construción de edificio de 2SS + PB + 4PP + BC para 20 vivendas, na rúa San Roque, 24-26 (Ref. Cat.: 9760008NH1196S0001XJ), redactado polo arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán, con visado colexial de data 02.09.2025, xunto co estudo de seguridade e saúde redactado polo arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán, visado o 02.09.2025 e proxecto ICT redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións D. Mario Rafael Balsa con visado do 09.09.2025, así como oficio de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde visado o 12.01.2026. (Expte. URB/2024/000740)

Informar favorablemente a solicitude de D. Carlos Berride Abalo en representación de ESPSIL, S.L., vistos os informes técnico e xurídico, para construción de edificio situado na rúa Santa Lucía nº 14, de conformidade co proxecto modificado básico de edificio composto de soto para aparcamento, planta baixa dedicada a uso comercial e aparcamento, planta primeira dedicada a trasteiros e vivendas, 4 plantas de piso e ático para vivendas (26 vivendas), redactado polos arquitectos D. Carlos Berride Abalo e D. Juan Antonio Villanueva Ruíz, asinado electronicamente o 27.11.2025. Consta informe sobre afectación de obras no edificio colindante cos terreos do CEIP A Escardia de Vilagarcía de Arousa, asinado pola Xefa do Servizo da Unidade Técnica do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, Dna. María Isabel Trelles Padín en data 19.01.2026. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo urbano residencial - Plan Especial de A Escardia
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Residencial
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: B+V+ÁTICO (18,00 m)
4. Orzamento de execución material: 2.015.375,81 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito:9666118NH1196N0001SO
6. Técnicos directores das obras: Arquitectos D. Carlos Berride Abalo e D. Juan Antonio Villanueva Ruíz

Director das obras: D. Carlos Berride Abalo

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento ( Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente ( Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- **Deberá cumprir as condicións indicadas pola Consellería de Educación no seu informe de data 19.01.2026:**
  - **As obras na parcela anexo ao CEIP levaranse a cabo garantindo as condicións de funcionalidade e seguridade para que non existan riscos para a comunidade**

**educativa.**

- **Os posibles danos ocasionados na parcela do CEIP serán corrixidos de xeito o máis urxente posible e, unha vez rematada a intervención, deixarase a zona en perfecto estado.**
- **Non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se achega e se autorice polo Concello o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG, que deberá acompañarse da seguinte documentación (Estudo de seguridade e saúde no que deberán constar nun anexo complementario as medidas a adoptar durante a execución da obra para garantir as condicións de funcionalidade e seguridade para que non existan riscos para a comunidade educativa, proxecto de telecomunicacións, proxecto de ventilación de garaxes, oficios de dirección da execución material e de coordinador de seguridade e saúde).**
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación ( Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG( Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB/2025/000530)

PRP2026/0315

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Luís Abalo Martínez, para obtención dunha prórroga de un (1) ano para remate das obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Canteira nº 42, A Laxe (Exp. 815/07), de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables á concesión da prórroga da licenza outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.06.2008. (Expt. URB/2026/000021)

## **COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS**

PRP2026/0289

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza de apertura outorgada a favor de TALLERES CASTELO S.L. mediante resolución de Alcaldía do 27.03.96, para o exercicio da actividade de taller de máquinas para industria alimentaria (Epígrafe 324.1), na rúa Valle Inclán 65 (Ref. Cat.8257003NH1185N0001RA), quedando subrogada a entidade ENVASES DO SALNÉS SLU, representada por D. Jorge Fajardo López., na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos.(Expt. ACTI/2026/000003)

PRP2026/0296

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada a favor de D. Borja Franco Bello mediante resolución de alcaldía do 22.06.22, para o exercicio da actividade de bar (epígrafe 673.2), nun local situado na rúa Baldosa, 26 baixo (Ref. Cat.: 9261403NH1196S0001GJ), quedando subrogado D. José Daniel Cepeda Landaeta na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 Bares do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019, de 5 de setembro, asinada o 18.12.2025.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2025/000111)

PRP2026/0297

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada a favor da entidade PAN DE CERDEDO, S.L., mediante resolución de alcaldía de data 21.01.2020, para o exercicio da actividade de cafetería (epígrafe 673.2) e comercio polo miúdo de produtos alimenticios e bebidas (647.1), nun local situado na rúa Manuel Antonio nº 2 - Bx (Ref. Cat.: 9055706NH1195N0003AJ), quedando subrogada Dna. Eva María Horro Rebolo na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de cafetería do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2025/000103)

PRP2026/0298

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza de apertura outorgada a favor de Dna. María Ángeles Flacón Padín., mediante resolución de Alcaldía do 14.11.2024, para o exercicio da actividade de lavandería autoservizo (epígrafe 971.1), na Avda. Juan Carlos nº 2 baixo (Ref. Cat.9464701NH1196S0003PL), quedando subrogado D. Juan Carlos García Blanco, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos.(Expt. ACTI/2025/000106)

PRP2026/0299

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza de apertura outorgada a favor de Dna. Lina Pérez Ferro, mediante resolución de Alcaldía do 20.11.2006, para o exercicio da actividade de comercio polo miúdo de toda clase de artigos para o fogar (epígrafe 662.2), na rúa Do Río nº 28 bx. (Ref. Cat.9463035NH1196S0001HJ), quedando subrogada a entidade CASA Y ALGODÓN MI CASA, S.L., representada por Dna. Isaura Fernández Battagliese, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos.(Expt. ACTI/2025/000116)

PRP2026/0301

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada a favor de D. Rubén Diz Piñeiro mediante resolución de alcaldía do 01.12.2014, para o exercicio da actividade de bar (epígrafe 673.2), nun local situado na rúa Camilo José Cela nº 3, baixo A (Ref. Cat.: 8953212NH1185S0001DL), quedando subrogada Dna. Sandra Ayude Sánchez na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 Bares do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019, asinada o 30.12.2025.. Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2025/000121)

PRP2026/0310

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza de apertura outorgada a favor de D. Marco Herbojo Pérez, mediante resolución de Alcaldía do 17.11.2025, para o exercicio da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir e tocado (epígrafe 651.2), na rúa Do Río nº 36 bx. (Ref. Cat.9464712NH1196S0001AJ), quedando subrogada Dna. María del Carmen García Bouzas, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos.(Expt. ACTI/2025/000102)

## **ASUNTOS VARIOS**

PRP2026/0329

Dáse conta da Resolución de Augas de Galicia de data 13.01.2026, sobre concesión dun caudal de auga procedente do Río do Con e dous (2) pozos, no lugar dos Martices, e declaración de extinción da concesión de clave DH.A36.01066 outorgada a CORPORACIÓN ALIMENTARIA PEÑASANTA S.A. mediante resolución de Augas de Galicia de data 28.06.2004, por causa de término do prazo de concesión. (Clave: DH.A36.97806)

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo queda sabedor.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:29 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.